

Resolución do 22 de decembro de 2023 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado pola Orde do 19 de abril de 2023 (DOG Núm. 86, do 5 de maio).

Na sesión que tivo lugar o día 21 de decembro de 2023 o tribunal nomeado pola Resolución do 18 de xullo de 2023 (DOG núm. 142, do 27 de xullo) acordou por unanimidade publicar os seguintes aspectos informativos da realización do cuarto exercicio:

Primeiro. Publicar como Anexo I a esta Resolución a **listaxe de cualificacións provisionais** das persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre convocadas á realización do **cuarto exercicio, probas psicotécnicas**, seguindo un criterio alfabético.

Segundo. Conforme ao establecido nas bases da convocatoria, as cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na páxina web da AGASP e concederáse un prazo de cinco días a efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal. No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente deberá remitirse unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal, antes de que remate o prazo.

A Presidenta do Tribunal
Paula Cajaraville Leiro

